

# REVISTA SOCIAL GALEGA DEL

REGULACION DE EMPREGO

## RESOLUCIÓN DE 7 DE XULLO DE 2003

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don P.L.B., avogado, en nome e representación da empresa “V.R., S.L.” contra a resolución da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais na Coruña de data 30 de abril de 2003 e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- Con data do 20.03.03, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Coruña, solicitude presentada por don V.R.P., en calidade de Presidente do Consello de Administración da empresa “V.R., S.L.”, pola que insta autorización para proceder á extinción das relacións xurídico laborais de 10 traballadores dos 24 que integran o cadro de persoal da empresa.

A esta solicitude acompaña diversa documentación que foi completada, logo do requirimento efectuado pola Delegación Provincial desta Consellería na Coruña.

A empresa fundamenta a súa petición en causas económicas como consecuencia da diminución da cifra de negocio, a elevación dos gastos fixos e financeiros e as dificultades en renegociar ou reestruturar a débeda bancaria. Todo iso obrigou a empresa a solicitar en data 27.01.03 a situación legal de suspensión de pagos, que se está tramitando ante o Xulgado de Primeira Instancia da Coruña.

SEGUNDO.- A Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Coruña, consonte ao sinalado no art. 51.3 do Real Decreto Lexislativo 1/995, do 24 de marzo, e art. 9 do Real Decreto 43/96, do 19 de xaneiro, comunicou o inicio do expediente á entidade xestora da prestación de desemprego e recabou o preceptivo informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

TERCEIRO.- Con data 31 de marzo de 2003, recíbese escrito na Delegación Provincial da representación da empresa ao que acompaña balance abreviado e conta de perdas e ganancias abreviado e, no que pon de manifesto que os traballadores lle tiñan solicitada determinada documentación para os efectos de elaborar o informe do art. 64.1.4º do E.T., ao que a empresa lle contestou que, dado que non existe comité de empresa non existe razón para facilitar dita documentación. A Delegación Provincial, con data 1.04.03 comunica á empresa que, a pesar de non existir comité de empresa deben facilitar aos traballadores a documentación que esixe o art. 6.1.a) do R.D. 43/1996, do 19 de xaneiro.

CUARTO.- Con data 11.04.03, dona H.G.M., dona M.P.M.P., don V.D.S., don J.D.B., dona A.V.S., dona M.B.C.C., dona A.L.M., don R.Q.F. e dona M.C.B.G., presentan escrito de alegacións ante a Delegación Provincial no que poñen de manifesto a súa oposición o expediente de regulación de emprego.

QUINTO.- Con data 22.04.03 preséntase pola empresa na Delegación Provincial acta da reunión do período de consultas, que se da por finalizado con resultado de SEN AVINZA.

SEXTO.- A través de escrito de data do 28.04.03, a empresa desminte as alegacións feitas polas persoas relacionadas no feito cuarto desta resolución e remite á Delegación Provincial escrito da Intervención Xudicial designada no expediente de suspensión de pagos da empresa que textualmente di : “A la vista de la documentación hasta ahora analizada, esta Intervención Judicial considera muy difícil la continuidad empresarial de la sociedad supensa “V.R., S.L.” si no se reduce la plantilla de la misma mediante la aprobación de un expediente de regulación de empleo”.

SÉTIMO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, a Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Coruña dictou en data 30.04.03 a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva resolve: “DESESTIMAR a petición formulada pola empresa “V.R., S.L.” sobre autorización para extinguir as relacións xurídico-laborais con dez traballadores ao seu servizo”.

Dito pronunciamento ten a súa argumentación nos razoamentos recollidos no fundamento xurídico segundo, que é do seguinte teor literal :

“Que do actuado no presente expediente, e facendo especial valoración do informado obxectivamente pola Inspección de Traballo, ten que concluírse que non está debidamente acreditada a causa económica na que fundamenta a empresa a súa petición, xa que do análise dos balances e contas de resultados dos tres últimos exercicios económicos da entidade “V.R., S.L.” que obtivo beneficios, e o feito de haber presentado un expediente de suspensión de pagos xudicial, cuio estado actual ignórase, non implica que a situación económica sufra variación ou poida incidir nas relacións laborais que se pretenden adoptar coas extincións de contratos de traballo, e sen que se considere adecuada tal medida nin axustada á realidade da situación da empresa, e todo isto, sen entrar a valorar a posible existencia de un grupo empresarial que poidera facer variar a realidade da actividade téxtil que desenrola a empresa peticionaria, polo que consecuentemente considérase axustado á legalidade desestimar a petición formulada”

OITAVO.- Contra a citada resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento en data 04.06.03 no que, tralas consideracións e argumentos que consideraron máis convenientes en defensa da súa pretensión, e que se dan eiquí por reproducidas, solicitan que se revoque e anule a mesma e se conceda autorización á empresa para poder extinguir as relacións laborais cos 10 traballadores do seu cadro de persoal.

NOVENO.- Do escrito do recurso deuse traslado pola Delegación Provincial da Coruña á representante dos traballadores afectados para aos efectos de que, á vista do mesmo se formularan as alegacións que estimasen pertinentes, cumpríndose dito trámite mediante a presentación do oportuno escrito en data 20.06.03, no que manifesta a súa disconformidade co expediente de regulación de emprego.

DÉCIMO.- De conformidade co preceptuado no art. 114.2 da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a Delegación Provincial remitiu o expediente e mailo seu correspondente preceptivo informe.

UNDÉCIMO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984) sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego; Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG do 17 de xaneiro de 1985); Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- En consonancia coa recente xurisprudencia da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o artigo 51 do Estatuto dos Traballadores regula minuciosamente o procedemento sobre despedimento colectivo –adequando a súa terminoloxía á Directiva 75/129 CEE, modificada pola Directiva 92/56 CEE– por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, isto é, por motivos non inherentes á persoa do traballador (non debidos, desde logo, a incumprimentos culpables ou incluso non culpables deste).

Este procedemento iníciase mediante solicitude á autoridade laboral competente, e apertura dun período de consultas cos representantes legais dos traballadores, debendo o empresario, á finalización daquel, comunicar á autoridade laboral o resultado, polo que se o período de consultas conclúe con acordo entre as partes, a autoridade laboral debe dictar resolución autorizando a extinción das relacións laborais, ou como di a sentenza do Tribunal Supremo do 16.02.90, homologando os acordos e aceptacións conseguidos no período de consultas, salvo que aquela aprecie a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito na conclusión do acordo.

Sen embargo, no suposto de que non exista acordo entre a empresa e os traballadores, cal é o presente suposto, a autoridade laboral debe dictar unha resolución motivada

e congruente coa solicitude empresarial, na que expresamente se pronuncie sobre o fondo do asunto. As facultades da autoridade laboral son así, amplas, en aras de dilucidar a veracidade das causas alegadas como fundamento dun expediente de regulación de emprego.

TERCEIRO.- En consecuencia, para os efectos de proceder á resolución do recurso de alzada que nos ocupa, e para os efectos, así mesmo, de dar resposta ás pretensións esgrimidas a través daquel, é preciso facer nesta instancia unha revisión sobre o fondo do asunto que se presenta. Isto é ¿existe no expediente que nos ocupa causa suficiente que motive a toma dunha decisión por parte da autoridade laboral que leve aparellada a autorización da medida instada pola empresa, tendo en conta ademais o feito de non terse acadado acordo no preceptivo período de consultas?

Logo do exame pormenorizado de toda a documentación obrante no expediente así como de todas e cada unha das actuacións practicadas nel, así como á vista do recurso presentado e das alegacións aducidas a través deste pola empresa, a contestación ao interrogante anterior non pode por máis que ser negativa.

En ningún caso no presente expediente está constatada a existencia de causa, que lle permita á autoridade laboral, neste caso a delegación provincial da Coruña, adoptar unha decisión como é a de autorizar a extinción das relacións xurídico-laborais dos traballadores solicitada pola empresa.

Pois ben, no expediente que nos ocupa, as causas económicas alegadas pola empresa non quedan constatadas por esta autoridade laboral para xustificar a extinción do contrato de dez traballadores. A maior abundamento, procede sinalar que aínda no suposto de producirse unha diminución de vendas, esta non é causa bastante para autorizar a medida extintiva senón se acredita que esta medida é a adecuada e suficiente para garantir a viabilidade futura da empresa así como do emprego, a través dunha adecuada organización dos recursos, pois compete á autoridade laboral avaliar a adecuación das medidas propostas e a proporcionalidade e idoneidade de tales medidas.

CUARTO.- En efecto, do exame de expediente de regulación de emprego que nos ocupa, queda adverado o feito de que en ningún caso resulta acreditada a causa económica motivadora do expediente, extremo este constatado no informe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, que de conformidade co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común serve de motivación á presente resolución, e que é do seguinte teor literal:

“(…) De las actuaciones practicadas se pudo concluir que la empresa de referencia se constituye en el año 1983 y tiene como actividad el sector textil, tanto de fabricación en el centro de trabajo de O., como de venta en el centro de C/...de A Coruña. En la actualidad prestan sus servicios para la empresa un total de veinticuatro trabajadores con las categorías y antigüedades recogidas en el anexo del expediente, si bien hace constar el representante de los trabajadores que algunos de ellos han estado prestando servicios también en otras empresas que entiendo vinculadas a “V.R., S.L.” Al respecto aporta un escrito, cuya copia se adjunta, en el que especifica los trabajadores que han prestado servicios en empresas de titularidad individual de V.R.P., o bien en “V., S.A.” Se indica que, al margen de que se continúen las actuaciones de comprobación de esos extremos, la empresa fue objeto de actuación inspectora anterior, habiendo una propues-

ta de sanción por infracción laboral en materia de contratación, como consta en el expediente que de la misma se conserva en estas oficinas.

La empresa alega causas económicas como fundamento de expediente, y se aportan los balances y las cuentas de pérdidas y ganancias. La copia remitida inicialmente de las cuentas del año 2000 resulta ilegible, por lo que se remite nuevamente a la parte de la empresa.

Examinadas estas, se constata que en el año 1999, la empresa obtuvo beneficios resultantes de su actividad, por un importe de 18.875.198 ptas. En la cuenta de pérdidas y ganancias abreviada, a 31 de diciembre de 2000, el resultado de ese año es también un beneficio de 13.195.999 ptas. No obstante, examinada la cuenta de pérdidas y ganancias abreviada del año 2001, en la misma consta como beneficio del año 2000 una cantidad diferente (12.867.705 ptas.), sin que se haya podido determinar la causa de la diferencia de ambas cifras. En cualquier caso, también en el año 2001 se obtienen beneficios por un valor de 2.277.634 ptas. La cuenta de pérdidas y ganancias correspondiente al año 2002 está cerrada a 31 de marzo, por lo que no es posible valorar sus resultados.

Por otra parte, si bien se aportan informes de auditorías, estos se limitan a señalar que las cuentas presentadas son un fiel reflejo de la realidad, sin entrar en un análisis más profundo.

Respecto a la documentación aportada, en el momento actual los trabajadores solo tienen pendientes de pago los salarios del mes de marzo de 2003, constando como recibidos los de enero y febrero de 2003. Los seguros sociales del mes de noviembre de 2002 y febrero de 2003 están pagados en su totalidad, y por lo que se refiere a los meses de diciembre de 2002 y enero de 2003, se ha ingresado la cuota patronal.

De las actuaciones practicadas se concluye que:

Conforme a la documentación aportada, la empresa presenta beneficios en los ejercicios de los años 1999, 2000 y 2001, si bien ya se ha indicado que hay una falta de coincidencia de las cifras.

No queda suficientemente explicada la adecuación de la medida propuesta (extinción de diez contratos) al resultado que se quiere obtener, la superación de una actual suspensión de pagos.

El socio mayoritario de la empresa, don V.R., es al parecer así mismo titular de otras empresas de actividad relacionada con la referida, por lo que podría en su caso apreciarse la existencia de un grupo empresarial, en cuyo caso sería necesario examinar la documentación económica de todas las integrantes del grupo.

Se hace constar así mismo la inexistencia de acuerdo por parte de los trabajadores con el expediente”.

QUINTO.- Alega a empresa que se está a tramitar xudicialmente a súa suspensión de pagamentos. Ao respecto procede sinalar que o feito de que esté admitida a trámite a suspensión de pagos, tan só implica que non hai liquidez momentánea, pero non que a situación da empresa sexa irreversible senón se autorízase a medida extintiva. Precisamente, coa suspensión de pagos o que se pretende é asegurar a continuidade da empresa e do emprego; trátase dunha medida cautelar para evitar a liquidación da empresa e, por tanto, evitar tamén a medida traumática de extinción dos contratos de

traballo, entre outras. En definitiva, a solicitude de suspensión de pagos, sen acreditar que realmente existen as causas económicas alegadas pola empresa para extinguir os contratos de traballo, non é suficiente por si mesma.

A este respecto, significar, a modo de conclusión que o despido vén configurado no art. 51 do E.T. como un despido causal e finalista, esixindo para que poida estimarse o mesmo xustificado, non só que se den unhas circunstancias económicas desfavorables, senón incluso que a medida extintiva contribúa a superalas, de xeito que tanto se aquelas non se dan, suposto no que nos atopamos, como se os despidos son indiferentes á solución do problema, a xustificación desaparece.

A aplicación do principio de conservación do negocio ou de estabilidade no emprego ao ámbito das extincións por causas económicas demanda un carácter restritivo da autorización de extinción, polo que se precisa a existencia dunha situación económica da empresa que xustifique a decisión de extinguir os contratos, sen a posibilidade de acudir a outra medida legalmente prevista que pudiera paliar ou solucionar a situación da empresa, co que, a situación alegada, como queda transcendencia ao longo do expediente, non pode ser considerada causa dunha situación de tanta importancia como é a extinción de dez contratos de traballo.

Así, polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar o recurso de alzada presentado e confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais de xeral e pertinente aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don P.L.B., contra a resolución da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Coruña en data 30.04.03, no expediente de regulación de emprego nº 35/03 e, na súa consecuencia, confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 7 DE XULLO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don B.F.A., contra a resolución, da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de data 27 de novembro de 2000 e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- En data 17 de novembro de 2000, tivo entrada no rexistro xeral da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo solicitude de don C.D.G., en calidade de Presidente da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo, pola que se insta a autorización para proceder á extinción

das relacións xurídico-laborais dos traballadores don J.M.P.C., don J.M.B.F. e dona B.F.A., pertencentes á Cámara da Propiedade Urbana de Vigo, ao non cumprir os mesmos algunha das condicións establecidas no Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se regula o procedemento para a liquidación e extinción das Cámaras de Propiedade Urbana de Galicia (suprimidas ao traveso do Real Decreto Lei 8/1994, do 5 de agosto), para ter dereito á integración na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A devandita solicitude, coa que se achega diversa documentación e, completada esta, logo do requirimento efectuado pola delegación provincial, fundaméntase en causas de forza maior impropia.

SEGUNDO.- Con data 20 de novembro 2000, dona B.F.A., tendo coñecemento de que a Cámara da Propiedade Urbana de Vigo presentou expediente de regulación de emprego solicitando a extinción de contratos de traballo de varios traballadores, presentou alegacións na Delegación da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, no que pide que se denegue a aprobación do expediente de regulación de emprego e non se acceda a extinción do seu contrato, por considerar que non se dan os requisitos legais.

TERCEIRO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrución oportuna ditou en data 27.11.00 a resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva resolve: “ESTIMAR a pretensión formulada pola Cámara da Propiedade de Vigo e, en consecuencia, AUTORIZAR a extinción dos contratos de traballo dos tres produtores relacionados en folla anexa”.

Dito pronunciamento basease nos razoamentos recollidos nos seus fundamentos xurídicos segundo, terceiro, cuarto e quinto, que son do seguinte teor literal:

“SEGUNDO.- Que consonte o art. 4.9.h) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, o contrato de traballo, extinguirase por forza maior que imposibilita definitivamente a prestación de traballo, sempre que a súa existencia fora detidamente constatada pola autoridade laboral; polo que procede entrar a coñecer soamente a devandita causa.

TERCEIRO.- Que o Real Decreto-Lei 8/1994, do 5 de agosto, suprime as cámaras oficiais da propiedade urbana e o seu consello superior, como corporación de dereito público. Sobre esta regulación legal, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu no seu Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, o réxime e destino do patrimonio e persoal das cámaras da propiedade urbana adscritas ao seu territorio (como administración pública que exerce a súa tutela sobre elas), establecendo o procedemento de liquidación e extinción destas así como a disolución dos órganos que as integra. Por último, a Orde do 9 de novembro de 2000 da Consellería da Presidencia e Administración Pública, regula a integración do persoal procedente das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia, non incluíndo polo que respecta á de Pontevedra, aos traballadores referenciados no presente expediente que, polas súas propias características, vense abocados á extinción dos seus contratos de traballo por acto de autoridade ou “factum principis”.

CUARTO.- Que con respecto do escrito de alegación presentado pola traballadora da Cámara, dona B.F.A., hai que sinalar que esta autoridade laboral só deberá constatar a existencia de forza maior, como causa motivadora da extinción dos contratos de traballo, pero non é competente para resolver sobre o proceso de integración deste persoal. En todo caso, a dita Orde do 9 de novembro de 2000 da Consellería de Presidencia e Admi-



nistración Pública, contempla, na súa disposición derradeira os recursos legais que se poden interpoñer, no caso de disconformidade co devandito proceso.

QUINTO.- Que no expediente queda suficientemente documentada a extinción da personalidade xurídica da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo, circunstancia que, polas súas propias connotacións, debe ser cualificada como causa de forza maior impropia ou “factum principis” por ser unha decisión allea á vontade do empresario e inevitable para os afectados, coas conseguíntes repercusións nas relacións xurídico-laborais dos traballadores referenciados no presente expediente polo que, tendo en consideración o establecido no art. 49.g) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co previsto no seu art. 51 e ao abeiro do art. 17 e seguintes do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, procede autorizar, sen máis trámite, á empresa peticionaria para a extinción dos contratos de traballo dos tres produtores da relación anexa, con efectos do 30 de novembro de 2000, por causa de forza maior impropia”.

CUARTO.- Contra a citada resolución interpúxose o recurso de alzada citado no encabezamento en data 13 de decembro do 2000, no que, tralas argumentacións que consideran oportunas en defensa da súa pretensión e que se dan aquí por reproducidas, solicita se proceda a deixar sen efectos o acordo de extinción do contrato de traballo da recorrente.

QUINTO.- Do escrito do recurso deuse traslado pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo á Cámara da Propiedade Urbana en Vigo, a don J.M.B.F. e a don J.M.P.C. para que, á vista do mesmo se formularan as alegacións que estimaran pertinente, non chegando a evacuarse por ningunha das partes.

SEXTO.- De acordo co establecido no Artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Delegación Provincial remitiu a esta Dirección Xeral os escritos de recurso, xunto co correspondente expediente, e mailo seu preceptivo informe, que é do seguinte teor literal:

“Ao respecto compre sinalar que o proceso de integración do persoal da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia é alleo a esta autoridade laboral quen só lle cabe constatar a existencia de forza maior como causa motivadora da extinción dos contratos de traballo das persoas que non foron incluídas naquel proceso, tal como xa se sinalou no punto cuarto dos fundamentos xurídicos da resolución recaída no devandito expediente.

Por outra parte, tamén hai que dicir, segundo unha importante doutrina xurisprudencial que nos expedientes de regulación de emprego debe predominar o principio de solidariedade entre os traballadores, principio que quedaría afectado de maneira moi negativa se fosen amparables as pretensións da recorrente, a quen, entendemos, que non se prexudica ca extinción do seu contrato de traballo xa que a súa pretensión de integración non se ve afectada por ela.

Por todo o exposto, considera esta delegación provincial que, salvo superior criterio, procede desestimar o recurso de alzada e confirmar integramente a resolución recorrida”.

SÉTIMO.- Na tramitación do presente recurso así como no expediente do que trae causa, observáronse todos os requisitos e prescrición legais.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais vén determinada polo Real decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, con relación ao Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- Con respecto ás alegacións aducidas pola recorrente ao traveso do recurso de alzada presentado, en ningún momento poden ter favorable acollida nesta instancia, carecendo as mesmas de entidade suficiente para desvirtuar o acerto da resolución recorrida, ditada en base á documentación obrante no expediente, compartíndose, polo demais, nesta instancia, as argumentacións e razoamentos recollidos na resolución ditada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo en data 27 de novembro de 2000.

Polo demais, e en consonancia co informe emitido pola Delegación Provincial, en cumprimento do disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e que de conformidade co sinalado polo art. 89.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, serve de motivación a presente resolución sinalar que os recursos “fundamentábase principalmente nas situacións laborais dos afectados sobre os seus dereitos de integración na Administración; o que é alleo ao presente expediente e que terá que formularse en vía contencioso-administrativa”, é dicir, as resolucións ditadas pola autoridade laboral en solicitude de expedientes de regulación de emprego deben limitarse a constatar a existencia da causa alegada (en ningún caso ditas resolucións extinguen contratos de traballo) e a autorizar unha medida concreta, que se fará efectiva nun momento posterior polo empresario, sendo así imprescindible, en todo caso, un ulterior acto empresarial executivo que é o que, en definitiva, individualiza e extingue as relacións xurídico-laborais; o proceso de integración do persoal da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia é alleo á Autoridade Laboral, a que soamente lle cabe constatar a existencia de forza maior, neste caso impropia, como causa motivadora das extincións dos contratos das persoas non incluídas naquel proceso de integración, extremo este perfectamente constatado ao traveso do expediente do que trae causa a resolución que agora se impugna.

Todo isto sen prexuízo de que se poida acudir ás canles legais oportunos en defensa das súas pretensións que son os establecidos no Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a liquidación das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia e do seu consello xeral e, máis concretamente na disposición derradeira da Orde do 9 de novembro de 2000, pola que se regula a integración do persoal procedente das referidas cámaras (DOG Nº 122, do 16 de novembro de 2000), que contempla os recursos legais a interpoñer en caso de disconformidade co devandito proceso, así como a calquera outra canle legal que se estime oportuna.

Así, polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar o recurso de alzada presentado e, confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinentes aplicacións, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Acorda**

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por dona B.F.A., contra a resolución de data 27 de novembro de 2000, ditada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, no expediente de regulación de emprego nº 149/00 e, en consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en todos os seus extremos.

## **RESOLUCIÓN DE 7 DE XULLO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude dos recursos de alzada formulados por don P.A.V., dona M.L.D.R. e don J.R.O.S.V., contra a resolución, da Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de data 28 de novembro de 2000 e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- En data 27 de novembro de 2000, tivo entrada na Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo solicitude de don F.B.P., en calidade de Secretario da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra, pola que se insta a autorización para proceder á extinción das relacións xurídico-laborais dos traballadores dona M.L.D.R., don P.A.V., dona R.C.C. e don J.R.O.S.V., pertencentes á Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra, ao non cumprir os mesmos algunha das condicións establecidas no Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se regula o procedemento para a liquidación e extinción das Cámaras de Propiedade Urbana de Galicia (suprimidas ao traveso do Real Decreto Lei 8/1994, do 5 de agosto), para ter dereito á integración na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A devandita solicitude, coa que se achega diversa documentación fundaméntase en causas de forza maior impropia.

Así mesmo, entre a documentación obrante no expediente figuran escritos de oposición ao mesmo de dona M.P.F.G.L.E., como enlace sindical da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra, dona M.R.C.C., dona M.L.D.R., don J.R.O.S.V. e don P.A.V.

Tamén se aporta no expediente escrito de don F.B.P., secretario da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra certificado que don P.A.V. presta servizos naquela entidade dende o día 01.04.91, e que don J.O.S.V. préstaos dende o 01.01.94.

SEGUNDO.- A Delegación Provincial, logo da tramitación e instrución oportuna ditou en data 27.11.00 a resolución que agora se impugna, na que na súa parte dispositiva

resolve: “ESTIMAR a petición formulada pola Cámara da Propiedade de Pontevedra e, en consecuencia, AUTORIZAR a extinción dos contratos de traballo dos catro produtores relacionados en folia anexa, con efectos do 30 de novembro de 2000, por causa de forza maior.

Dito pronunciamento basease nos razoamentos recollidos nos seus fundamentos xurídicos segundo, terceiro, cuarto e quinto, que son do seguinte teor literal:

“SEGUNDO.- Que consonte o art. 4.9.h) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, o contrato de traballo, extinguirase por forza maior que imposibilita definitivamente a prestación de traballo, sempre que a súa existencia fora detidamente constatada pola autoridade laboral; polo que procede entrar a coñecer soamente a devandita causa.

TERCEIRO.- Que o Real Decreto-Lei 8/1994, do 5 de agosto, suprime as cámaras oficiais da propiedade urbana e o seu consello superior, como corporación de dereito público. Sobre esta regulación legal, a Comunidade Autónoma de Galicia estableceu no seu Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, o réxime e destino do patrimonio e persoal das cámaras da propiedade urbana adscritas ao seu territorio (como administración pública que exerce a súa tutela sobre elas), establecendo o procedemento de liquidación e extinción destas así como a disolución dos órganos que as integra. Por último, a Orde do 9 de novembro de 2000 da Consellería da Presidencia e Administración Pública, regula a integración do persoal procedente das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia, non incluíndo polo que respecta á de Pontevedra, aos traballadores referenciados no presente expediente que, polas súas propias características, vense abocados á extinción dos seus contratos de traballo por acto de autoridade ou “factum principis”.

CUARTO.- Que no expediente queda suficientemente documentada a extinción da personalidade xurídica da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo, circunstancia que, polas súas propias connotacións, debe ser cualificada como causa de forza maior impropia ou “factum principis” por ser unha decisión allea á vontade do empresario e inevitable para os afectados, coas conseguíntes repercusións nas relacións xurídico-laborais dos traballadores referenciados no presente expediente polo que, tendo en consideración o establecido no art. 49.g) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co previsto no seu art. 51 e ao abeiro do art. 17 e seguintes do Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, procede autorizar, sen máis trámite, á empresa petionaria para a extinción dos contratos de traballo dos tres produtores da relación anexa, con efectos do 30 de novembro de 2000, por causa de forza maior impropia”.

TERCEIRO.- Contra a citada resolución interpuxéronse os recursos de alzada citados no encabezamento, no que tralas argumentacións que consideraron oportunas en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, solicitan se proceda a deixar sen efecto o acordo de extinción dos contratos de traballo dos recorrentes.

CUARTO.- Dos escritos dos recursos deuse traslado pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo a dona P.G.L.E. (representante sindical da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra) e á Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra para que no prazo de dez días formularan as alegacións que estimasen pertinentes, evacuándose as mesmas en tempo e forma.

QUINTO.- De acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Delegación Provincial remitiu a esta Dirección Xeral os escritos de recur-

so, xunto co correspondente expediente, e mailo seu preceptivo informe, que é do seguinte teor literal:

“Os tres recorrentes basean a súa petición, fundamentalmente, no Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a liquidación e extinción das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia e do seu Consello Xeral; no caso de dona M.L.D.R., por considerarse con dereito a integrarse na Xunta de Galicia por estar prestando os seus servizos na Cámara de Pontevedra na data esixida polo mencionado Decreto 46/1999; don J.R.O.S.V., xustifica a súa petición no feito que o tal decreto foi impugnado, entre outros, polo agora recorrente perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para pedir que se declare nulo de pleno dereito; e don P.A.V. considera o devandito decreto nulo de pleno dereito por existir lexislación básica do Estado que impide a súa aplicación e porque o seu artigo 10 é discriminatorio co persoal que entrou a formar parte das cámaras a partir do un de xuño de 1990, como é o seu caso.

Ao respecto cómpre sinalar que o proceso de integración do persoal da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, é alleo a esta autoridade laboral, a quen só lle cabe constatar a existencia de forza maior como causa motivadora da extinción dos contratos de traballo das persoas que non foron incluídas naquel proceso.

Por outro lado, tamén hai que sinalar, segundo unha importante doutrina xurisdicucional, que nos expedientes de regulación de emprego debe predominar o principio de solidariedade entre os traballadores, principio que quedaría afectado de maneira moi negativa se fosen amparables as pretensións dos recorrentes, aos que, entendemos, non se prexudica coa extinción dos seus contratos de traballo xa que a súa pretensión de integración non se ve afectada por ela.

Por todo o exposto, considera esta delegación provincial que, salvo superior criterio, procede desestimar o recurso de alzada e confirmar integramente a resolución recorrida”.

SEXTO.- Na tramitación do presente recurso así como no expediente do que trae causa, observáronse todos os requisitos e prescrición legais.

## Fundamentos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, con relación ao Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e Real Decreto 43/1996, do 19 de xaneiro e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- Conforme ao disposto no art. 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e, dada a íntima conexión entre os recursos formulados polos tres traballa-

dores da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra, procédese a resolvelos conxuntamente na presente resolución.

TERCEIRO.- Con respecto ás alegación aducidas por don J.R.O.S.V. a través do recurso de alzada presentado, en ningún momento poden ter favorable acollida nesta instancia, carecendo as mesmas de entidade suficiente para desvirtuar o acerto da resolución recorrida, ditada en base á documentación obrante no expediente, compartíndose, polo demais, nesta instancia, as argumentación e razoamentos recollidos na resolución ditada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo en data 28 de novembro de 2000.

Polo demais, e en consonancia co informe emitido pola Delegación Provincial, en cumprimento do disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, sinalar que os recursos “fundaméntase principalmente nas situacións laborais dos afectados sobre os seus dereitos de integración na Administración; o que é alleo ao presente expediente e que terá que formularse en vía contencioso-administrativa”, é dicir, as resolucións ditadas pola autoridade laboral en solicitude de expedientes de regulación de emprego deben limitarse a constatar a existencia da causa alegada (en ningún caso ditas resolucións extinguen contratos de traballo) e a autorizar unha medida concreta, que se fará efectiva nun momento posterior polo empresario, sendo así imprescindible, en todo caso, un ulterior acto empresarial executivo que é o que, en definitiva, individualiza e extingue as relacións xurídico-laborais; o proceso de integración do persoal da Cámara da Propiedade Urbana de Pontevedra na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia é alleo á Autoridade Laboral, a que soamente lle cabe constatar a existencia de forza maior como causa motivadora das extincións dos contratos das persoas non incluídas naquel proceso de integración, extremo este perfectamente constatado ao traveso do expediente do que trae causa a resolución que agora se impugna.

Todo isto sen prexuízo de que se poida acudir ás canles legais oportunos en defensa da súa pretensión que son os establecidos no Decreto 46/1999, do 11 de febreiro, polo que se establece o procedemento para a liquidación das Cámaras da Propiedade Urbana de Galicia e do seu consello xeral e, máis concretamente na disposición derradeira da Orde do 9 de novembro de 2000, pola que se regula a integración do persoal procedente das referidas cámaras (DOG Nº 122, do 16 de novembro de 2000), que contempla os recursos legais a interpoñer en caso de disconformidade co devandito proceso, así como a calquera outra canle legal que se estime oportuna.

CUARTO.- Polo que respecta aos recursos formulados por don P.A.V. e dona M.L.D.R., debe sinalarse que, de acordo co aviso de recibimento obrante no expediente, a resolución impugnada foille notificada aos traballadores con data do 05.12.00.

Por outra banda, a data de interposición dos citados recursos é do 10.01.01 na Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración Pública de Pontevedra.

En vista de que o art. 115.1 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro establece un prazo dun mes para a interposición do recurso de alzada, prazo que comenará a computarse a partir do día seguinte ao da notificación do acto impugnado, e tendo en conta que por imperativo do art. 47 do corpo legal citado, os prazos obrigan sen necesidade de apremio e que, como rei-

terada xurisprudencia corrobora, os termos e prazos non poden quedar ao arbitrio dos interesados, sendo improrrogables cando de interposición de recursos se trate, é evidente que cando se produciu a interposición dos recursos xa decaera o dereito dos interesados a interpoñelo. Procede, en consecuencia, a non admisión dos citados recursos sen entrar noutras consideracións, máxime no presente caso no que o alegado pola recorrente non desvirtúa o xa resolto en instancia.

Así, polo anteriormente exposto é polo que procede desestimar o recurso de alzada presentado por don J.R.O.S.V. e inadmitir os formulados por don P.A.V. e dona M.L.D.R. e confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinentes aplicacións, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### **Acorda**

1.- DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don J.R.O.S.V. contra a resolución de data 28 de novembro de 2000, ditada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, no expediente de regulación de emprego nº 152/00 e, en consecuencia, CONFIRMAR a citada resolución en todos os seus extremos.

2.- INADMITIR por extemporáneos os recursos formulados por don P.A.V. e dona M.L.D.R.

### **RESOLUCIÓN DE 27 DE OUTUBRO DE 2003**

Examinado o expediente de regulación de emprego referenciado á marxe, do que se coñece en virtude do recurso de alzada formulado por don J.N.B., en calidade de Presidente e administrador solidario de “C.M.C., S.L.”, contra a resolución de data 22 de xaneiro de 2003, da delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- En data 10 de xaneiro de 2003, don J.N.B., en calidade de Presidente e administrador de “C.M.C., S.L.”, presentou na delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, solicitude instando autorización para proceder á suspensión das relacións xurídico laborais de dous traballadores da súa empresa dende o 16 de novembro de 2002 ata que se ordene a apertura do Polígono “C. – B” polas autoridades competentes como consecuencia do sinistro do Buque Prestige o 13 de novembro de 2002, en augas da Comunidade Autónoma Galega.

SEGUNDO.- Logo da tramitación e instrución oportuna, a delegación provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña ditou en data 22 de xaneiro de 2003, a resolución que agora se impugna que, na súa parte dispositiva acorda: Estimar a

solicitude presentada pola empresa “C.M.C., S.L.”, autorizando a suspensión das relacións xurídicas laborais con dous traballadores ao seu servizo que se relacionan na lista anexa, durante o período acadado dende o 11 de decembro de 2002 a 17 de maio de 2003, ámbolos dous inclusive, ao constatar causa de forza maior.

Dito pronunciamento ten a súa argumentación no razoamento recollido no fundamento xurídico segundo, que é do seguinte teor literal:

“Que da documentación aportada no presente expediente, constátase a existencia de causa forza maior alegada, polo que estimase procedente acceder a suspensión solicitada, todo elo de conformidade co establecido no artigo 51.12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 14 de marzo, polo que aprobábase o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no artigo 17 do Real Decreto 43/1996, de 19 de xaneiro, no que aprobábase o regulamento dos procedementos de regulación de emprego, así como para este caso concreto, polo disposto no artigo 5 do Real Decreto-Lei 7/2002, de 22 de novembro, e ampliado polo Real Decreto Lei 8/2002, de 13 de decembro, sobre a ampliación de medidas reparadoras en relación co accidente do buque “PRESTIGE” derivado todo elo como consecuencia da actual prohibición de pesca, suspensión que rematará o 17.05.03 por ser a data do remate das citadas medidas.

Como consecuencia do citado con anterioridade, a situación actual impide á empresa afectada o desenrolo normal da súa actividade, e consecuentemente a posibilidade de dar ocupación plena efectiva a seus traballadores, derivado todo elo como consecuencia dun feito motivador alleo á vontade da empresa e amparado no regulado nas disposicións citadas, tanto pola Administración Central como pola Autonómica Galega, tendentes a mitigar os efectos da contaminación producida polo sinistro do citado buque petroleiro”.

TERCEIRO.- Contra dita resolución, don J.N.B. interpuxo o recurso de alzada citado no encabezamento no que, tralas consideracións e argumentacións que considerou máis conveniente en defensa da súa pretensión, e que se dan aquí por reproducidas, solicita que se revise o expediente de regulación de emprego 03/03, ampliando o prazo de regulación dende o 16 de novembro de 2002 ata o 17 de maio de 2003.

CUARTO.- De acordo co establecido no artigo 114 da Lei 30/92, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común a Delegación Provincial remitiu a esta consellería o escrito de recurso, xunto co correspondente expediente e mailo seu preceptivo informe que é do seguinte teor literal:

“En relación coa resolución recorrida, cumpre informar a V.I. que o período concedido sobre a suspensión foi valorado de conformidade co disposto na resolución dita pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en data 11.12.02 na que se prohibe a extracción de moluscos cultivados en viveiros flotantes no polígono “B” do distrito marítimo de C. onde desenrola a súa actividade a empresa, e en que por esta se concretase o inicio da suspensión, e ser incongruente que datando a acta da reunión co persoal do 16.11.02 e a Acta Notarial do día 19 seguinte, no presentarana solicitude ata o 10 de xaneiro de 2003.

QUINTO.- Na tramitación do presente recurso, así como no expediente de que trae causa observáronse todos os requisitos e prescricións legais.



### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 1.999/1984, do 12 de setembro (BOE do 12 de novembro de 1984), sobre traspaso de funcións e servizos en materia de regulación de emprego, así como o Decreto 188/1984, do 29 de novembro (DOG 17 de xaneiro de 1985), Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, en relación co Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

SEGUNDO.- A empresa solicitou a suspensión das relacións xurídico laborais dos referidos traballadores baseándose nun suposto de forza maior. En consecuencia, á vista do disposto nos arts. 51.12 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e 17 do Real Decreto 43/96, do 19 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de regulación de emprego e, especificamente o art. 5 do Real Decreto Lei 7/2002, mediante a resolución recorrida accedeuse ao solicitado, se ben, se acordou que a data do inicio do período de suspensión fora o 11.12.02, data da resolución que acorda a prohibición de extracción de molusco emitida pola Consellería de Pesca e isto por canto, precisamente, esta resolución acredita a propia existencia do feito constitutivo da forza maior.

O recorrente fai, no seu escrito de interposición do recurso, unha serie de alegacións tendentes a desvirtuar os argumentos da resolución recorrida co obxecto de que se retrotraian os seus efectos á data da reunión cos traballadores, pero, sen achegar ningunha proba que posúa virtualidade xurídica para enervar o acerto da resolución ditada pola delegación provincial desta consellería na Coruña, resolución que, á vista da documentación contida no expediente, procede confirmar en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais, de xeral e pertinentes aplicacións, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

### Acorda

DESESTIMAR o recurso de alzada presentado por don J.N.B., en calidade de Presidente e administrador solidario de “C.M.C., S.L.”, contra a resolución de data 22 de xaneiro de 2003, ditada pola delegación provincial da entón consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Coruña, e recaída no expediente de regulación de emprego nº 03/03 promovido polo mesmo. E, na súa consecuencia confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.